

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 6 DE OUTUBRO DE 2022,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo se aproba o catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e se fixa o contido desas medidas.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Valadouro da estrada de titularidade autonómica LU-163 na súa totalidade, xunto co seu dominio público viario (DPV) asociado.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Decreto polo que se dispón o cesamento de José Luis Mira Lema como director Xeral de Formación Profesional.
- Decreto polo que se nomea a Eugenia Pérez Fernández como directora xeral de Formación Profesional.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social a aldea modelo de Soutogrande, no concello de Vilariño de Conso (Ourense).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social a aldea modelo de Ferreiros, no concello de Ames (A Coruña).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social a aldea modelo de Cortegazas, no concello de Avión (Ourense).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico o proxecto de fábrica de neumáticos Sentury, nas Pontes de García Rodríguez (A Coruña), promovido por Sentury Tire Spain S.LU.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Baiona para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino-Descubre Baiona no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por importe total de dous millóns de euros (2.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se inicia a tramitación do Plan de residuos industriais de Galicia (Priga) 2023-2030.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos, para o financiamento do programa e actuacións das aulas senior de Galicia da entidade para o exercicio 2022. Importe: cento noventa mil euros (190.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura ao abeiro do disposto no artigo 69.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación Arela para o desenvolvemento do proxecto piloto da abordaxe da pobreza infantil nas cidades de Santiago de Compostela e de Vigo, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia –financiado pola Unión Europea– NextGenerationEU. Importe: dous millóns oitocentos trinta e oito mil trescentos setenta e nove con corenta e catro (2.838.379,44 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura ao abeiro do disposto no artigo 69.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e Cáritas Diocesana de Lugo para o desenvolvemento do proxecto piloto da abordaxe da pobreza infantil na Área Rural 22, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – financiado pola Unión Europea– NextGenerationEU. Importe: seiscentos oitenta e catro mil cincocentos setenta e nove con un (684.579,01 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura ao abeiro do disposto no artigo 69.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e Cáritas Diocesana de Mondoñedo-Ferrol para o desenvolvemento do proxecto piloto da abordaxe da pobreza infantil na cidade de Ferrol, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia–financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU. Importe: setecentos oitenta e sete mil vinte e oito con vinte e oito (787.028,28 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura ao abeiro do disposto no artigo 69.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Fundación Juan Soñador, para o desenvolvemento do proxecto piloto da abordaxe da pobreza infantil nas cidades da Coruña, Lugo e Ourense, e a realización de actuacións complementarias de apoio na xestión e na avaliación do proxecto, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia–financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. Importe total: catro millóns setecentos vinte e seis mil dous centos cincuenta e seis euros con corenta e tres céntimos (4.726.256,43 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura ao abeiro do disposto no artigo 69.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Fundación Meniños para o desenvolvemento do proxecto piloto da abordaxe da pobreza infantil na cidade de Pontevedra, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU. Importe: cincocentos corenta e catro mil novecentos dezaioito con sesenta e dous céntimos (544.918,62 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura ao abeiro do disposto no artigo 69.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e o Centro de Desenvolvemento Rural Portas Abertas para o desenvolvemento do proxecto piloto da abordaxe da pobreza infantil na Área Rural 301, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Importe: catrocentos setenta mil seiscientos corenta e oito euros con sete céntimos (470.648,07 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a Axenda Startups Galicia 2022-2024.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre a posta en marcha do Bono Cultura 2022.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a creación de Unidades Funcionais Multidisciplinares do Solo Pélvico.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Informe sobre a orde pola que se regula a oferta de estadias en establecementos balneario dentro do programa de Benestar en balnearios e se procede á súa convocatoria.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as primeiras axudas da Axencia Galega da Industria Forestal para a realización de proxectos e obras que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais, financiadas ao 100 % no marco do eixo React-Eu do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA HOXE O DECRETO QUE ACTUALIZA O CATÁLOGO DE ACTIVIDADES E CENTROS OBRIGADOS A REXISTRAR PLANS DE AUTOPROTECCIÓN

O Consello da Xunta aprobou hoxe este documento que fixa os medios de autoprotección mínimos, os dispositivos precisos para a vixilancia, a identificación da emerxencia e a coordinación da súa resposta

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que actualiza o catálogo de actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias dos que as persoas titulares teñen a obriga de elaborar e rexistrar plans de autoprotección (PAU) co obxectivo de controlar os riscos sobre as persoas ou bens para dar unha resposta adecuada e garantir a súa integración no sistema público de protección civil. O decreto establece tamén as medidas mínimas de protección que deben recoller os plans de autoprotección e actuacións para axilizar o procedemento de rexistro.

O decreto fixa os medios de autoprotección mínimos, tanto sanitarios segundo a normativa sectorial específica, como os dispositivos precisos para a vixilancia, a identificación da emerxencia e a coordinación para a súa resposta. Deste xeito, deberase contar co persoal suficiente e os medios tecnolóxicos adecuados para garantir o aviso e a atención ante unha incidencia. Ademais, cando se prevé unha afluencia maior a 2.000 persoas é necesario dispoñer de medios humanos para evitar aglomeracións e garantir unha evacuación en caso de ser necesario, mentres que nos que superan os 5.000 asistentes débese constituír un posto de mando avanzado (PMA) para coordinar os medios de emerxencias e en contacto permanente co CIAE 112 Galicia.

O catálogo de actividades aos que lles é de aplicación o decreto, distingue entre actividades con regulamentación específica e actividades que carecen dela. Do primeiro grupo inclúense determinadas actividades industriais, de almacenamento e investigación -de produtos químicos, en que interveñen explosivos, de xestión de residuos perigosos e industrias relacionadas coa minaría ou materia biolóxicas perigosas-; de infraestruturas de transporte como túneles ou portos comerciais; ou infraestruturas enerxéticas como instalacións nucleares e radioactivas ou hidráulicas (presas e encoros).

No que se refire ás actividades con norma sectorial forman parte tamén os espectáculos públicos e recreativos, ben sexa en espazos pechados desmontables con capacidade igual ou superior a 1.500 persoas, non desmontables e con capacidade para máis dun milleiro de persoas, así como en espazos non delimitados cunha previsión de máis de 10.000 asistentes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Canto as actividades sen norma sectorial estarán obrigadas a dispoñer de PAU actividades industriais e de almacenamento cunha determinada cantidade de substancias perigosas, líquidos refrixerantes ou carga de lume ou estacións e intercambiadores de transporte terrestre cunha ocupación igual ou superior a 1.500 persoas.

No ámbito das infraestruturas ferroviarias en actividades que non teñen regulación propia exixiríase en túneles de ocupación superior a 1.500 persoas, autoestradas de peaxe, áreas de estacionamento para o transporte de mercadorías e portos comerciais. E nas infraestruturas enerxéticas, nas instalacións destinadas á produción de enerxía eléctrica con potencia superior a 300MW e en subestacións de distribución de enerxía eléctrica en alta tensión da rede de transporte de distribución.

Recóllese tamén a obrigatoriedade deste documento nalgunhas actividades sanitarias e docentes tendo en conta determinadas características e noutros espazos -edificios de usos comerciais, administrativos e de prestación de servizos, espazos naturais protexidos, cámpings...- en función da súa capacidade e a súa afluencia.

En todos os casos o contido do PAU debe recoller, como mínimo un histórico de revisións, os datos de identificación das persoas titulares da localización das actividades que, á súa vez, teñen que ir descritas. Exíxense tamén inventarios sobre a avaliación de riscos e as medidas de autoprotección, a explicación do mantemento das instalacións de risco e protección e o desenvolvemento dun plan de actuación ante as emerxencias que inclúa a súa gravidade e os mecanismos de alarma e de resposta.

Outro dos contidos requiridos ten que ver coa integración do plan de autoprotección noutros de ámbito superior, así como os protocolos de notificación da emerxencia ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE) 112 Galicia e con outros plans do sistema público de protección civil, entre eles aquel en que se integra. De cara a súa implantación e o seu mantemento débense ter previstos distintos programas de formación e capacitación do persoal, de información aos usuarios, de dotación e substitución de medios materiais, de exercicios e simulacros xunto con programas de actualización de toda a documentación anterior e de auditorías de inspeccións.

Ademais, tal e como recolle o decreto, os datos significativos dos plans de autoprotección deben inscribirse no rexistro electrónico de plans de autoprotección. En concreto, datos xerais sobre a actividade, sobre as instalacións onde se desenvolve, a súa contorna, a accesibilidade, focos de perigo e vulnerabilidade e instalacións técnicas de protección contra incendios.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este rexistro permite contar cunha base de datos co contido dos plans de autoprotección á cal poderán acceder os servizos de emerxencias para ampliar información e mellorar a eficiencia nas súas intervencións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DO VALADOURO DA ESTRADA LU-163

- O Goberno galego atende a solicitude do Concello do Valadouro de asumir a titularidade de toda a estrada, así como do seu dominio público viario asociado
- Trátase dun resto de 1.830 metros da actual LU-162, que quedou agora destinado a tráfico local
- A Xunta de Galicia levou a cabo este ano a rehabilitación do pavimento da vía, cun investimento de máis de 48.300 €
- O Concello asume a titularidade da vía e terá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Valadouro da estrada LU-163 na súa totalidade, xunto co seu dominio público viario asociado.

O Concello do Valadouro solicitou a cesión de titularidade do treito urbano da estrada autonómica LU-163 co fin de poder realizar o arranxo do desaugadoiro da fonte pública situada no seu punto quilométrico 0+850.

A Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, vén de executar unha rehabilitación do pavimento da estrada LU-163, na cal se investiron 48.331,13 €, previamente a este cambio de titularidade, coa que se repararon os puntos en que o firme estaba deteriorado e se dispuxo unha capa de rodaxe con microaglomerado.

O treito obxecto da transferencia ten a consideración de urbano para os efectos da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Este tramo, comprendido entre os puntos quilométricos 0 e 1+380, correspóndese cun resto de 1.830 metros de lonxitude da actual LU-162, cuxo tráfico é local.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Concello terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do tramo obxecto do cambio de titularidade:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A EUGENIA PÉREZ FERNÁNDEZ COMO DIRECTORA XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL

- Licenciada en Ciencias Económicas, encara unha nova etapa á fronte deste departamento, no que xa exerceu como subdirectora durante máis dunha década
- Substitúe no cargo a José Luis Mira, que cesa no cargo a petición propia despois dunha longa traxectoria dedicada ao ensino tanto na Xunta como no Ministerio

O Consello da Xunta vén de aprobar o nomeamento de M^a Eugenia Pérez Fernández como directora xeral de FP da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en substitución de José Luis Mira Lema, que cesa no cargo a petición propia.

M^a Eugenia Fernández é licenciada en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela. É técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais, nas especialidades de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial e Ergonomía e Psicoloxía Aplicada, con formación tamén en Auditoría de Prevención de Riscos Laborais. Así mesmo, conta co Diploma de directivo da Xunta de Galicia.

A nova directora xeral desenvolveu case a práctica totalidade da súa carreira na administración pública no departamento educativo da Xunta de Galicia, onde desempeñou diferentes tarefas desde o ano 1996. En 2009 foi nomeada subdirectora xeral no departamento de Formación Profesional, posto que desenvolveu ata xaneiro de 2021, cando pasou a ser subdirectora xeral de Innovación, Orientación e Formación de Recursos Humanos, tamén no departamento de Educación. Ademais, é coautora do libro *Formación Profesional Inicial en Galicia*.

Agora, asume este departamento de nova creación co obxectivo de seguir ampliando estas ensinanzas, impulsar a innovación -especialmente a través do novo Centro Eduardo Barreiros, con sede en Ourense-, fomentar a relación coa empresa a través de FP Dual e establecer novos plans tanto adaptados por territorios como por sectores produtivos.

Recoñecemento a unha dilatada traxectoria

José Luis Mira Lema (Cabana de Bergantiños, 1954) cesa a petición propia tras unha longa carreira dedicada ao ensino, especialmente no relativo á FP e á Inspección educativa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Catedrático de Física e Química e licenciado en Ciencias Químicas e Inspector de Educación, ostentou distintas responsabilidades educativas no Goberno galego en tres etapas: 1996-2000, 2009-2012 e 2020-2022. Así mesmo, exerceu como director xeral de Educación no Ministerio de Educación, Cultura y Deporte entre 2000 e 2004 e desempeñou os postos de conselleiro de Educación da embaixada de España en Bruxelas e de conselleiro de Emprego e Seguridade Social na embaixada na Arxentina.

O Goberno galego recoñécelle a súa dedicación, de maneira especial na última etapa, á que se sumou para afrontar a xestión do desafío educativo máis importante das últimas décadas, como foi a pandemia, así como a implantación da nova lei educativa LOMLOE.

No caso da FP, sitúase actualmente en cifras récord de alumnado, con 61.000 matriculados, con fitos como a posta en marcha do novo Centro de Innovación da FP en Ourense, a ampliación da rede de Centros Integrados de Formación Profesional e a implementación dun departamento específico de FP que agora asume novos retos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA DE UTILIDADE PÚBLICA AS ALDEAS MODELO DE SOUTOGRANDE EN VILARIÑO DE CONSO, CORTEGAZAS EN AVIÓN E FERREIROS EN AMES

- O Consello do Goberno galego deulle hoxe o visto e prace á declaración de utilidade pública e de interese social destas aldeas modelo co obxecto de axilizar a súa tramitación
- Entre todas elas, porán en valor máis de 57 hectáreas arredor dos núcleos de poboación que buscan dinamizar, con case un milleiro de parcelas implicadas de preto de 200 propietarios
- En total, actualmente hai 21 aldeas modelo declaradas en Galicia para recuperar case 600 hectáreas distribuídas en máis de 9.000 predios de máis de 2.000 titulares, co obxecto de xerar actividade económica que contribúa a fixar poboación e a avanzar na anticipación aos incendios

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á declaración de utilidade pública e de interese social das aldeas modelo de Soutogrande, no concello ourensán de Vilariño de Conso; Cortegazas, no tamén municipio ourensán de Avión; e Ferreiros, na localidade coruñesa de Ames. Trátase da segunda serie de aldeas declaradas tras a entrada en vigor da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia e ás que, polo tanto, se lles aplica esta novidade, que implica o recoñecemento da existencia de razóns de interese público para a tramitación de urxencia do seu procedemento e dos informes ambientais e sectoriais respectivos.

Esta declaración de utilidade pública permitirá axilizar a posta en valor de máis de 57 hectáreas arredor dos núcleos de poboación que se busca dinamizar, con case un milleiro de parcelas implicadas de preto de 200 propietarios. En concreto, a aldea modelo de Soutogrande, en Vilariño de Conso, ten unha superficie de 33,50 ha, distribuídas en 99 predios de 46 titulares catastrais. Canto a de Cortegazas, en Avión, abrangue 15,11 hectáreas, repartidas en 727 parcelas de 99 propietarios. Por último, a de Ferreiros, en Ames, conta con 8,55 ha, con 128 parcelas implicadas de 52 titulares.

Tras estas declaracións de utilidade pública e interese social, o seguinte paso será aprobar os proxectos de ordenación produtiva, nos cales se delimitarán -entre outros aspectos- os usos máis idóneos para a explotación das parcelas incluídas nas aldeas modelo e as obras e infraestruturas necesarias para a súa posta en produción, así como as operacións de limpeza para os predios que asuman o compromiso de adhesión ao Banco de Terras de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De ser necesario, poderanse levar a cabo tamén traballos de investigación da titularidade daquelas parcelas das que se ignore quen é o seu dono. Finalmente, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural -dependente da Consellería do Medio Rural- realizará a convocatoria dun procedemento de concorrencia competitiva para a selección de propostas de cara ao aproveitamento de parcelas incorporadas ás aldeas modelo.

Cómpre lembrar que as aldeas modelo son unha das principais figuras de posta en valor que recolle a Lei de recuperación da terra agraria, xunto cos polígonos agroforestais e as agrupacións de xestión conxunta. En total, actualmente hai 21 aldeas declaradas en Galicia, para recuperar case 600 hectáreas distribuídas en máis de 9.000 predios de máis de 2.000 titulares.

Mediante estes instrumentos, perséguese avanzar na procura da recuperación da actividade económica e social dos terreos de antigo uso agrícola, gandeiro e forestal- particularmente daqueles que se encontran en situación de abandono e infrautilización-, así como dos núcleos incluídos neles. O obxectivo é fixar poboación e mellorar a calidade de vida nestas zonas, ao tempo que se aumenta a seguridade das persoas e dos seus bens ao exercer este aproveitamento das terras de devasa natural fronte aos incendios forestais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ADIANTA A DECLARACIÓN DA FACTORÍA DE PNEUMÁTICOS QUE O GRUPO SENTURY PREVÉ CONSTRUIR NAS PONTES COMO SEGUNDO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO DE GALICIA

- Salienta que se trata dunha iniciativa “especialmente importante para a comarca coruñesa, pero tamén o é para toda Galicia pola súa transcendencia”
- Avanza que a planta suporá “un investimento de 531 M€ e a creación de 750 postos de traballo directos”
- A futura planta ten como obxectivo o desenvolvemento e fabricación de pneumáticos de alto rendemento para turismos, vehículos comerciais, de competición, todoterreos e avións civís, cunha produción anual prevista de 12 millóns de pneumáticos
- Estará localizada no futuro complexo enerxético e industrial das Pontes, ao igual que o outro proxecto industrial estratéxico xa declarado pola Administración autonómica: a planta de hidróxeno verde H2Pole, que ademais fornecerá de enerxía verde e sustentable á factoría de Sentury
- O presidente da Xunta amosa o interese da Xunta en que o Goberno central amose “sensibilidade” cara a esta factoría, que conta con “moita potencia e viabilidade, pero que precisa o empuxe dos fondos Next Generation”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe de que o Consello aprobou esta mañá a declaración do segundo proxecto industrial estratéxico de Galicia, promovido por Sentury Tire para a implantación dunha planta de pneumáticos nas Pontes que permitirá dar un paso máis para dinamizar a actividade industrial nesta localidade coruñesa.

“Trátase dunha iniciativa especialmente importante para a comarca coruñesa, pero tamén o é para toda Galicia pola súa transcendencia”, aseverou Rueda sobre esta nova factoría, da que avanzou que terá unha produción “de 12 millóns de pneumáticos de alto rendemento ao ano” e suporá “un investimento de 531 millóns de euros e impulsará a creación de 750 empregos directos”.

Rueda subliñou o impacto positivo da instalación desta planta para toda a comarca. “Sen ningunha dúbida terá beneficios para toda as infraestruturas de aor redor”, enfatizou, ao tempo que puxo como o exemplo o pulo que vai supoñer para o porto de Ferrol. “A previsión é que grazas a esta factoría o tráfico de contedores no porto se multiplique por catro e permitirá crear 30 novos postos de traballo na terminal”, resaltou.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O proxecto está integrado por unha planta de proceso de fabricación, un taller de materiais de mestura, un almacén, un taller de construción de pneumáticos e un taller de vulcanización. O proceso de fabricación de pneumáticos centrarase en catro fases diferenciadas: a produción de compostos, a fabricación de compoñentes, a montaxe do pneumático e a fase de almacenamento, a través dun proceso automatizado que permitirá a distribución e a carga final da mercadoría nos camións de transporte para a súa saída da factoría.

O obxectivo é o desenvolvemento e fabricación de pneumáticos PCR (*Passenger Car Radial Tire*) e LTR (*Light Truck Radial Tire*) de alto rendemento para turismos, vehículos comerciais, todoterreos, de estradas, de competición e avións civís, cunha produción anual prevista de 12 millóns de pneumáticos.

A declaración como proxecto industrial estratéxico enmárcase na filosofía da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia que busca a captación de investimentos. Permitirá a redución á metade dos prazos -agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos- mantendo as garantías técnicas, xurídicas e ambientais.

A iniciativa súmase á declaración tamén como proxecto industrial estratéxico de H2Pole, promovida por Reganosa e EDP Renovables nas Pontes. De feito, os pneumáticos verdes son unha alternativa ecolóxica e máis eficiente para os automóbiles e dan resposta á redución do consumo de combustible e á minimización da pegada de carbono deixada ao crear o propio pneumático. A factoría servirase de subministracións enerxéticas alternativas como o hidróxeno verde da futura planta de H2Pole.

Outra iniciativa máis iniciou xa a súa tramitación para obter a declaración: a de metanol verde de Mugardos promovida por Forestal del Atlántico. Para conseguir esta declaración, os proxectos deben cumprir con dous dos tres seguintes requisitos: un volume de investimento mínimo de 20M €, a creación como mínimo de 100 postos de traballo directos, así como que complementen cadeas de valor ou pertencen a sectores considerados estratéxicos e aliñados cos obxectivos da Unión Europea ou que se integren no financiamento Next Generation. A planta de Sentury cumpre cos tres requisitos e terá un importante efecto dinamizador da actividade industrial das comarcas da zona.

Prevese un importante impacto deste proxecto no porto de Ferrol, pois boa parte da súa produción vai ir destinada ao mercado norteamericano, onde a compañía conta cunha

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

rede comercial propia. A actividade verase incrementada tanto pola exportación de produto elaborado como pola importación de materias primas. A Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao estima movementos anuais cos que cuaduplicar o tráfico de contedores na terminal, ademais da creación de 30 postos de traballo directos na terminal do porto.

Na súa intervención, Rueda amosou o interese por parte da Xunta de Galicia de que o Goberno central se implique neste proxecto. "Agardamos que amose sensibilidade a un proxecto que conta con moita potencia e viabilidade, pero que precisa o empuxe dos fondos Next Generation", defendeu.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DÁ O VISTO E PRACE AO CONVENIO CO CONCELLO DE BAIONA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DESCUBRE BAIONA QUE CONTA CUN ORZAMENTO DE 2 MILLÓNS DE EUROS

- Engloba diversas actuacións como a reforma e renaturalización da contorna de Santa Liberata e a adecuación e mellora do carril bici existente
- O plan Descubre Baiona recolle tamén a creación dun aparcamento disuasorio, e o deseño e sinalización de roteiros de sendeirismo, BTT e trail running
- Está financiado no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia dos Fondos NextGeneration

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción do Convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Baiona para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino Descubre Baiona no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por un importe total de 2 millóns de euros.

O obxectivo é implementar actuacións de impulso da sustentabilidade na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial, a fin de beneficiar tanto aos ditos destinos turísticos, como aos axentes sociais e aos operadores privados do sector.

O Concello de Baiona levará a cabo a reforma e renaturalización da contorna de Santa Liberata, a adecuación e mellora do carril bici existente. Levará a cabo un control de cabida e a creación dun cadro de mando para a avaliación da mobilidade, así como a elaboración dunha web e dunha app baixo o nome Descubre Baiona.

No eido da mellora enerxética implantarase un sistema de alugueiro de bicicletas, levará a cabo a realización dun estudo para a mellora da conectividade urbano-rural sustentable, así como a adecuación de sendas e camiños para a mobilidade sustentable e segura.

O plan Descubre Baiona recolle tamén a creación dun aparcamento disuasorio, o deseño e sinalización de roteiros de sendeirismo, BTT e trail running, así como a realización dun proceso participativo para a creación de inventario de recursos naturais e patrimoniais do rural do concello.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA UN NOVO PLAN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS QUE MOBILIZARÁ 115 M€ ATA 2030 PARA FACILITAR A TRANSICIÓN DO SECTOR EMPRESARIAL Á ECONOMÍA CIRCULAR

- Os obxectivos principais son promover unha política adecuada para a xestión deste tipo de refugallos, fomentar a prevención na súa xeración e impulsar un correcto tratamento conforme a xerarquía de residuos e en coherencia coas estratexias galegas de economía circular e de cambio climático e enerxía
- O novo plan, articulado ao redor de 17 programas, un para cada tipo de residuo, enmárcase tamén na loita contra o cambio climático xa que contribuirá a reducir as emisións GEI a través da diminución da produción do lixo de orixe industrial nun 15 % ata o ano 2025 e do fomento da utilización de materias primas recicladas
- A través das medidas que se van desenvolver no marco do Priga e do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia, en tramitación, mobilizaranse case 600 M€ en 8 anos

A Xunta impulsará un novo plan de xestión de residuos industriais de Galicia co obxectivo de facilitarlle ao tecido empresarial da Comunidade a transición cara a un modelo de economía circular que axude a cumprir desde este sector coas exigencias que lle marcan as normativas comunitarias e estatais en materia de prevención da xeración de residuos e tamén da súa correcta xestión. O obxectivo principal é acadar a implementación nos fluxos industriais dun modelo sustentable e que reduza as repercusións ambientais dos refugallos asociados a este tipo de actividades.

O acordo polo que se inicia a tramitación ambiental do documento recibiu hoxe o visto e prace do Consello da Xunta, polo que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda está xa en disposición de empezar a traballar co obxectivo de aprobalo en 2023.

O novo plan de residuos industriais mobilizará un investimento estimado de 115 millóns de euros que se destinarán a cumprir cos obxectivos fixados a nivel comunitario neste eido a través do paquete de medidas sobre economía circular aprobado a finais de 2015, e son as achegas previstas máis importantes as que fará a Xunta e o propio tecido industrial galego. Polo tanto, a necesidade dun novo marco de actuación co horizonte 2023-2030 xorde como resposta ante as novidades normativas, os cambios socioeconómicos das últimas décadas, cun aumento considerable deste tipo de refugallos, e o fin da vixencia este mesmo ano do anterior plan de residuos industriais.

Neste sentido, o novo documento —articulado ao redor de 17 programas, un para cada tipo de fluxo de residuos— enmárcase tamén na loita contra o cambio climático e na

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

aposta da Xunta por mellorar a resiliencia da Comunidade ante os seus efectos. Así, entre os seus obxectivos principais está a diminución das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) reducindo o lixo de orixe industrial nun 15 % ata 2025, o fomento da utilización de materias primas recicladas e do consumo de produtos feitos a partir delas, ou a aposta polo ecodeseño na fase de produción para afondar na economía circular.

A consecución destes obxectivos, en todo caso, dependerá do propio tecido empresarial xa que a xestión dos residuos industriais —a diferenza do que ocorre cos urbanos, que son de competencia municipal— é responsabilidade directa do propio produtor, que ten o deber de asegurar e acreditar o tratamento adecuado dos refugallos que xera.

Por esta razón, o Plan de xestión de residuos industriais de Galicia terá un carácter máis programático no que a Xunta asumirá un papel de diagnose, para definir cal é a situación actual e a partir de aí, realizar as actividades de control e seguimento necesarias para facilitar a consecución dos obxectivos marcados, fomentando a coordinación entre a Administración pública e o sector empresarial galego.

O documento sentará tamén as directrices estratéxicas a seguir en liña coas metas fixadas a nivel europeo, avanzando no desligamento do crecemento económico da xestión que se faga dos residuos e alongando o máximo posible a vida útil de todos os materiais co obxectivo fixado no residuo 0. Ademais, tamén aspira a contribuír á loita contra o cambio climático reducindo as achegas do sector da xestión dos residuos ás emisións GEI para avanzar cara ao obxectivo da neutralidade climática en 2050.

Preto de 600 M€ de investimentos para a xestión dos residuos

Esta nova folla de ruta substituirá o anterior Priga 2016-2022, que nos seus 6 anos de vixencia e grazas a un investimento de preto de 50 millóns logrou avances importantes no que respecta á xeración e xestión dos residuos industriais en Galicia. Así, o 93 % de todos os refugallos deste tipo xerados o ano pasado xa eran non perigosos, porcentaxe que foi en aumento na última década; e os avances na correcta xestión dos vehículos fóra de uso permitiu que en 2020 o 85 % destes residuos se destinase á reutilización e reciclado.

O novo plan tamén será acorde e coherente coa Estratexia galega de economía circular 2020-2030 e coa Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, dous dos fitos máis importantes para a Comunidade nesta materia e cuxos principios inspiradores se recolleron na Lei de residuos e solos contaminados —en vigor desde marzo de 2021—.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, enmárcase na estratexia global do Goberno galego en materia de residuos, que persegue a implantación dun novo modelo máis sustentable e acorde coa xerarquía de xestión marcada pola normativa comunitaria vixente. Así, a través das medidas que se desenvolverán no marco do Priga e do novo Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia –actualmente en tramitación tras o acordo do Consello da Xunta do pasado 22 de setembro– mobilizaranse case 600 millóns de euros de aquí ao ano 2030.

Así mesmo, e ao tratarse dun sector en auge, que ofrece novas oportunidades desde o punto de vista da actividade empresarial e do emprego verde, prevese que a aprobación de ambos plans de residuos teñan un impacto positivo sobre a economía galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE A UN PROXECTO PIONEIRO PARA LOITAR CONTRA A POBREZA INFANTIL CUN ORZAMENTO DE 10,6 M €

- Este programa ten como obxectivo mellorar a situación das familias con menores que se encontren nunha situación de pobreza ou en risco de padecela
- Axudaráselle a 1700 familias galegas, isto é, unhas 5100 persoas que conforman estes fogares
- Achegaránselles actividades de reforzo escolar, axudas directas para o pagamento da renda ou de gastos médicos, así coma cursos sobre hábitos saudables e economía doméstica
- Asinaranse convenios con sete entidades especializadas no eido para levar a cabo esta iniciativa que chegará a 32 municipios

O Consello da Xunta deu luz verde á sinatura de convenios con entidades para poñer en marcha un proxecto pioneiro para loitar contra a pobreza infantil, que conta cun orzamento de 10,6 millóns de euros. O programa ten como obxectivo principal mellorar a situación das familias con menores que se encontren nunha situación de exclusión social ou en risco de padecela.

A través desta iniciativa, que está financiada con fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, axudaráselle a 1700 familias galegas, isto é, unhas 5100 persoas que conforman estes fogares. Entre as medidas que inclúe o proxecto, achegaránselles actividades de reforzo escolar, axudas directas para o pagamento da renda ou de gastos médicos, cursos de economía doméstica e hábitos de vida saudable ou asesoramento para a inserción laboral.

As familias destinatarias serán, principalmente, receptoras do ingreso mínimo vital (IMV) ou da renda de inclusión social de Galicia (Risga), prestando especial atención ás monoparentais e ás numerosas, xa que son as que máis risco de exclusión presentan pola súa configuración.

O proxecto dirixirase principalmente aos barrios menos favorecidos das cidades e tamén a diversos concellos rurais das provincias de Lugo e Ourense. En total serán 32 os municipios en que se actuará. Para iso, contarase coa colaboración das entidades: Fundación Juan Soñador, Arela, Cáritas Diocesana Mondoñedo-Ferrol, Cáritas Diocesana Lugo, Fundación Meniños, e os centros de desenvolvemento rural Portas Abertas e o do Viso.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 15M € Á NOVA AXENDA STARTUPS QUE ASPIRA A CREAR 100 NOVAS EMPRESAS E ACELERAR 200 DURANTE OS PRÓXIMOS DOUS ANOS

- O documento traza diferentes liñas e actuacións na procura de fomentar iniciativa innovadora capaz de xerar actividade económica e emprego -prevese a creación de ata 600 postos de traballo vinculados ás novas compañías-, e mellorar así a posición competitiva de Galicia
- Con esta axenda impulsada pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través do Igape, aténdense dous eixos de actuación prioritarios -un centrado nas startups e outro nas medidas de promoción do ecosistema innovador-, de cara a favorecer a implantación das novas tecnoloxías no tecido empresarial galego e fomentar postos de traballo de calidade
- Crearanse novas business factories que atendan as actuais tendencias de aceleración de empresas centradas en campos como foodtech, biotech, healthtech, loxística ou as cadeas de subministracións
- Porase en marcha por primeira vez o programa Coinviste de XesGalicia, pensado para fomentar investimentos privados en startups galegas a través da captación de socios con acreditada solvencia económica, con capacidade tractora e cunha adecuada especialización en base tecnolóxica
- Activarase o programa Erasmus Startup para conectar emprendedores no ámbito internacional a través da participación de startups galegas en iniciativas no exterior
- Impulsarase unha nova liña de fomento de emprendemento feminino, enfocada á captación de mulleres que desenvolvan en Galicia proxectos centrados en retos tecnolóxico-territoriais específicos

O Consello da Xunta avaliou hoxe a nova Axenda Startups Galicia 2022-2024, que nace no marco da aposta do Goberno galego polo reforzo dun ecosistema que conxugue iniciativa empresarial e innovación configurándose, así, como un motor de reforzo da modernización e diversificación da economía de Galicia. Neste sentido, suma preto de 15 millóns – en concreto, 14,7M €- para crear un centenar de novas empresas e acelerar 200 startups neste período, e favorecer así que mellore a capacidade competitiva.

O Goberno galego, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, aposta por potenciar o ecosistema galego na procura de favorecer o crecemento das empresas de base tecnolóxica e de fomentar a creación de riqueza e emprego. De feito, prevese a creación de 600 postos de traballo vencellados ás novas compañías, ademais de facilitar unha facturación agregada das startups de 70 millóns durante os próximos dous anos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste escenario, a nova Axenda estrutúrase a través de diferentes liñas, sumando 12 medidas e 28 actuacións ao redor de dous eixos: un centrado nas startups, e outro, nas medidas de promoción do ecosistema innovador.

No primeiro destes eixos -no cal se prevé a coordinación con outros organismos e programas da Xunta de Galicia para xerar un mapa de apoios e medidas de impulso completo-, prevese, entre as principais accións, a posta en marcha de novas *business factories* que atendan as actuais tendencias de aceleración de empresas centradas en campos como *foodtech*, *biotech*, *healthtech*, loxística ou as cadeas de subministracións.

Estas aceleradoras complementarán o mapa de aceleradoras de carácter innovador activado pola Xunta nos últimos anos e que inclúe as *business factories* de alimentación (BFFood), automoción (BFAuto), aeronáutica (BFAero) ou saúde (BFMedicines); a High Tech Auto, incubadora de alta tecnoloxía no sector da automoción que completa a propia BFA; ou a incubadora de alta tecnoloxía en biotecnoloxía (BioIncubaTech).

Captación de investidores e internacionalización

Outra das novidades da Axenda é a captación de investidores para potenciar o investimento público-privado nas startups galegas. Unha meta que se abordará a través do novo programa Coinviste de XesGalicia, pensado para fomentar investimentos privados en startups galegas a través da atracción de socios con acreditada solvencia económica, con capacidade tractora e cunha adecuada especialización en base tecnolóxica.

Así mesmo, porase en marcha, por primeira vez, o programa Erasmus Startup para conectar emprendedores no ámbito internacional a través da participación de startups galegas en iniciativas no exterior.

Emprendemento feminino

O segundo eixo afonda na promoción do ecosistema innovador de Galicia. Neste sentido, aspírase, entre outros, a mellorar as condicións da contorna da muller, así como a incidir nas condicións facilitadoras no ámbito rural minorando as barreiras fronte ao urbano.

Neste campo destaca a posta en marcha da nova liña de fomento de emprendemento feminino, enfocada á captación de mulleres emprendedoras que desenvolvan en Galicia proxectos centrados en retos tecnolóxico-territoriais específicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Balance

A través da nova Axenda o Goberno galego reforza a súa aposta pola iniciativa empresarial innovadora na procura de reactivar a economía e mellorar a competitividade. O obxectivo é facilitar o desenvolvemento das startups, aumentando o seu peso na actividade empresarial e posibilitando, así, a existencia dun tecido máis competitivo.

Deste xeito, refórzase o traballo xa feito ata o de agora que, durante os últimos seis anos, ten permitido, a través da rede de aceleradoras promovida pola Xunta de Galicia, participar e apoiar máis de 320 empresas, contribuír á creación doutras 153 novas compañías ou xerar 900 empregos.

Así mesmo, XesGalicia suma nestes momentos máis de 34M € do seu patrimonio asociado a startups, tendo preto de 80 en carteira e máis de 12M € de fondos dispoñibles para novos investimentos nestas compañías

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA LANZA UNHA NOVA EDICIÓN DO BONO CULTURA, QUE MOBILIZARÁ 2M € NOS ESTABLECEMENTOS E ENTIDADES CULTURAIAS DE GALICIA DURANTE ESTE OUTONO

- Resalta que o obxectivo é “botar unha man” ao sector e aos consumidores neste difícil contexto económico de suba de prezos
- Destaca que é unha medida “para todos os galegos, teñan a idade que teñan” xa que non se fixa “unha idade máxima” para acceder aos bonos
- Poranse en circulación 20.000 bonos para dar así continuidade ao programa de descontos do 50 % en compras ou na utilización de servizos culturais
- As empresas poderán comezar a adherirse á campaña este mes de outubro e a partir do 2 de novembro os usuarios poderán descargar o vale en bonocultura.gal
- A iniciativa, que conta cun investimento de 1M €, subvencionará produtos como libros, música en formato en CD ou vinilo, películas ou series en formato físico, entradas para museos, cines, concertos ou espectáculos escénicos, entre outras
- Para facilitar a participación do maior número de entidades posible, mellóranse algúns requisitos e amplíase o teito de gasto que poden alcanzar

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe tras a reunión semanal do Consello que o Goberno galego porá en marcha este outono unha nova edición do Bono Cultura, o programa de descontos do 50 % na compra de produtos ou na utilización de servizos culturais, para o que se emitirán 20.000 bonos. A nova edición amplía os seus obxectivos buscando, por un lado, incentivar a demanda cultural e dinamizar o consumo así como favorecer o fortalecemento do sector axudándoo a reducir o impacto económico marcado polo actual contexto económico de suba de prezos. “Se na primeira edición o obxectivo foi volver a reactivar o consumo nos comercios de proximidade tras a pandemia, agora cómpre botar unha man ao sector e os consumidores nesta nova crise de suba de prezos”, indicou Rueda.

O titular do Executivo autonómico resaltou que este bono é unha medida “para todos os galegos, teñan a idade que teñan”. Rueda destacou que, fronte ao que fan outras Administracións que lanzan medidas dirixidas a colectivos específicos, a Xunta aposta “non fixa unha idade máxima” para acceder a estes bonos.

Como se informou hoxe no Consello da Xunta, a nova edición de Bono Cultura botará a andar este mesmo mes de outubro coa apertura do período de adhesión das empresas. A continuación, a partir do 2 de novembro, os usuarios poderán solicitar os bonos e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

comezar a gozar dos descontos ata o 31 de decembro. A campaña reeditará as condicións do ano pasado con algunhas novidades. Así, inclúense novas epígrafes nas bases para a participación das empresas. É o caso das dadas de alta na venda por menor de discos, así como o comercio de instrumentos musicais, que poderán participar sempre e cando comercialicen algún dos produtos e servizos obxecto da convocatoria. Tamén se amplía o teito de gasto que cada establecemento pode ter ao abeiro desta campaña, ata os 30.000 euros (frente aos 20.000 euros que inicialmente se fixaron na edición anterior).

O orzamento total do Bono Cultura 2022 é de 1M € coa intención de mobilizar 2M € e que se beneficien 20.000 persoas. Os bonos terán un valor de 50 € por usuario para gastar nos distintos establecementos que se adhiran. As compras terán un desconto do 50 % ata esgotar o crédito. Os produtos e servizos que se poderán adquirir non varían con respecto á edición anterior: a compra de música gravada en CD ou vinilo, películas ou series en formato físico, libros ou videoxogos e calquera tipo de institución cultural (museo, casa-museo...), salas de cine, concertos de música e espectáculos escénicos, entre outras.

Para calquera persoa maior de idade

A campaña arrancará en outubro para os establecementos. As empresas interesadas disporán dun mes para inscribirse no programa desde o día seguinte á publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), que se concretará nos próximos días. A adhesión activarase nese momento a través da páxina web www.bonocultura.gal.

Poderán formar parte as persoas físicas ou xurídicas que teñan como obxecto da súa actividade o de venda ao consumidor de produtos e bens culturais en Galicia, os centros ou locais públicos ou privados destinados á exhibición de produción cultural como salas de cine, teatros e auditorios, salas de concertos, salas de exposicións..., así como museos casas-museo ou asimilados tanto de titularidade pública como privada e asociacións, entidades e fundacións de carácter cultural, tanto públicas como privadas, que ofrezan produtos culturais. Deberán estar dados de alta nalgún dos grupos ou epígrafes do imposto sobre actividades económicas (IAE) recollidos na orde da convocatoria que se publicará no DOG. Unha vez adheridos estarán identificados co selo distintivo.

Dinamización das compras

No caso dos usuarios, a campaña comeza o 2 de novembro. Poderá facerse co bono calquera persoa maior de idade que teña a súa residencia en Galicia e a descarga estará activa a partir desa data a través da web www.bonocultura.gal, onde se emitirá en

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

formato dixital a través dun código QR. O importe de cada compra reducirase nun 50 % ata esgotar o saldo do bono. O período de validez dos bonos será ata o 31 de decembro.

O ano pasado a iniciativa conseguiu animar a actividade cultural do outono galego, cun balance final dun total de 68.562 operacións, a mobilización de máis de 2M € ao longo de dous meses en marcha e a participación de 560 negocios culturais adheridos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PORÁ EN MARCHA ESTE ANO UNIDADES FUNCIONAIS MULTIDISCIPLINARES DE SOLO PELVIANO FEMININO EN TODAS AS ÁREAS SANITARIAS

- Contarán cun coordinador ou coordinadora á fronte, e estarán integradas por diversas especialidades médicas e cirúrxicas, matronas e fisioterapeutas; e un comité clínico con especialistas de Atención Primaria e Hospitalaria garantizará a súa transversalidade e continuidade de cuidados.
- Estas unidades mellorarán a atención ás mulleres con patoloxías de solo pelviano máis graves que precisan continuidade, apoio e seguimento no ámbito hospitalario

A Xunta de Galicia aprobou hoxe os criterios xerais para a posta en marcha este ano de unidades funcionais multidisciplinares de solo pelviano feminino en todas as áreas sanitarias da Comunidade. Na reunión do Consello do Goberno galego celebrada hoxe, deuse luz verde ao documento que permitirá a creación destas novas unidades, que incorporan melloras na atención as mulleres con patoloxías máis graves.

Estas unidades funcionais multidisciplinares contarán cun coordinador ou coordinadora á súa fronte e estarán constituídas por diversas especialidades médicas e cirúrxicas, entre as que se inclúen as especialidades de xinecoloxía e obstetricia e persoal de rehabilitación, tamén enfermaría especialista obstétrico-xinecolóxica/matronas e fisioterapeutas. Para o seu funcionamento contarán cun comité clínico formado por especialistas de Atención Hospitalaria e Atención Primaria para garantir a transversalidade na continuidade de cuidados. Todo isto co obxectivo de reforzar a atención daquelas mulleres con disfuncións ou patoloxías de solo pelviano máis graves, que precisan de cuidados complementarios que non existen a nivel de Atención Primaria, dunha mellor coordinación, atención, apoio e seguimento tanto no ámbito hospitalario como de atención primaria.

Desde o ano 2017, Galicia conta cun programa estruturado de atención ás disfuncións do solo pelviano feminino en Atención Primaria. A Comunidade galega é, ata o momento, a única que conta con esta atención prestación neste nivel asistencial proporcionada principalmente por matronas e fisioterapeutas de Atención Primaria.

Durante o período 2017-2021, a nivel de Atención Primaria, as matronas atenderon un total de 4.601 mulleres con disfuncións de solo pelviano, realizando 8.253 consultas;

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mentres que 354 mulleres foron atendidas por fisioterapeutas para tratamento fisioterápico e realizáronse 1.799 consultas.

Con todo, na actualidade, a nivel hospitalario non existe homoxeneidade na atención ás mulleres que sofren unha disfunción de solo pelviano nin unha estrutura funcional común.

O pasado 5 de novembro de 2021 publicábase a orde da Consellería de Sanidade que regulaba dun xeito homoxéneo a creación, composición, organización e funcionamento de unidades funcionais multidisciplinares dentro do Servizo Galego de Saúde; mentres que o 9 de marzo de 2022 o conselleiro de Sanidade anunciaba no Parlamento a creación de unidades multidisciplinares de solo pelviano feminino nas sete áreas sanitarias.

A previsión da Xunta é que antes de finais de ano estas novas unidades estean funcionando nas 7 áreas sanitarias co fin de mellorar a atención a todas as mulleres con patoloxías de solo pelviano de maior gravidade.

Unidades multidisciplinares poscovid e de enfermidades raras

Este dispositivo asistencial de solo pelviano únese a outras unidades multidisciplinares postas en marcha pola Xunta nos últimos tempos, como as unidades multidisciplinares poscovid, que funcionan desde marzo de 2021 en cada unha das 7 áreas sanitarias e que proporcionan unha atención e recuperación de calidade a todos os afectados pola COVID-19.

Tamén, en febreiro deste ano 2022, a Xunta puxo en marcha tres unidades funcionais multidisciplinares enmarcadas na Estratexia galega en enfermidades raras nas áreas sanitarias de Vigo, A Coruña e Santiago. Contan con equipos formados por un especialista en medicina interna, un especialista en pediatría e un profesional de enfermaría.

As unidades multidisciplinares son dispositivos asistenciais encargados de actividades que comprenden o diagnóstico e seguimento de pacientes con patoloxías concretas. Xorden co obxectivo de establecer un novo modelo asistencial que garanta un prazo de diagnóstico máis reducido e unha xestión máis áxil, coordinada e eficaz.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA PORÁ EN MARCHA DE NOVO O PROGRAMA DE BENESTAR EN BALNEARIOS PARA PERSOAS MAIORES

- Destacou que este programa se recupera “tras o parón da pandemia” e, nesta edición, contará con preto de 640 prazas
- Subliña que a Xunta incrementa a financiación por praza ata cubrir “case a metade” do custo
- O Goberno galego achegará 136.000 euros para impulsar esta iniciativa
- Está destinado aos maiores de 60 e a aqueles que superen os 55 e sexan pensionistas
- O Consello da Xunta tamén aproba aumentar un 25% a contía do convenio co Ategal para promover a formación dos maiores

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe na rolda de prensa tras o Consello que o Executivo galego vai poñer en marcha de novo o programa de Benestar en Balnearios para persoas maiores. “Tras varios anos de parón pola pandemia, vanse habilitar preto de 640 prazas en establecementos de balnearios para os meses de novembro e decembro”, sinalou Rueda, quen indicou que a Xunta vai destinar “preto de 140.000 euros” a esta nova edición, o que supón un 24% respecto da última convocatoria do programa, en 2019.

A Administración autonómica destinará un total de 136.000 euros a esta iniciativa, destinada a todos os maiores de 60 anos e tamén a aqueles que superen os 55 e sexan pensionistas, para mellorar a súa calidade de vida ao fomentar actitudes positivas cara o autocoidado da saúde e favorecer as relacións sociais.

Rueda destacou que, nesta nova convocatoria, a Xunta aumenta a achega que realiza a cada participante, chegando a financiar “case a metade do custo da praza”. En concreto, o Goberno autonómico pasa de financiar o 31% da praza ata o 43 %. Mañá sae no *Diario Oficial de Galicia* a publicación desta nova orde e a partir do luns todo aquel que queira pode solicitar a súa participación neste programa.

Ademais de impulsar a calidade de vida das persoas maiores, este programa, en que participan unha quincena de establecementos, pretende apostar polo sector dos balnearios que é punteiro na Comunidade.

Outras medidas para promover o envellecemento activo

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No Consello da Xunta desta mañá tamén aprobouse outro asunto vencellado ao compromiso do Executivo galego de promover o envellecemento activo entre os maiores da Comunidade. Na reunión de hoxe autorizouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos (Ategal) para dar continuidade ao desenvolvemento das aulas sénior de Galicia un ano máis. O orzamento deste acordo ascende a 190.000 euros, un 25 % máis que o ano pasado.

Este incremento permitirá rebaixar o 10 % a matrícula e impulsar todas as actividades presenciais, que foran pausadas pola COVID-19. O obxectivo é superar de novo o millar de alumnos. O programa de Ategal engloba actividades de formación dirixidas aos nosos maiores en catro áreas diferentes. Na área cultural inclúense seminarios de historia, de linguas, de literatura e de xeografía; a de dinámica ocupacional conta con obradoiros de debuxo, pintura, manualidades, teatro ou música; e na área de saúde integral ofrécense actividades como ximnasia, ioga, tai-chi, pilates ou obradoiros de memoria. Por último, dentro do ámbito de lecer organízanse viaxes de fin de curso, visitas culturais, asistencia a concertos, conferencias ou encontros entre as diferentes aulas sénior.

Este convenio enmárcase na aposta do Executivo autonómico por apoiar todas aquelas iniciativas que favorezan o envellecemento activo. Trátase de que as galegas e galegos de máis idade teñan ao seu alcance unha ampla oferta de actividades que favorezan a súa estimulación intelectual e física, nas cales poidan participar e que lles acheguen un maior benestar e calidade de vida.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 2,6 M € A UNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS PARA O IMPULSO DA MADEIRA COMO ELEMENTO ESTRUTURAL NA CONSTRUCCIÓN

- A convocatoria destas subvencións farase efectiva o vindeiro xoves, 13 de outubro, mediante a súa publicación do *Diario Oficial de Galicia*, e enmárcase dentro dos obxectivos da Axenda de impulso da industria forestal-madeira
- O Consello do Goberno galego avaliou hoxe un informe sobre esta cuestión elaborado pola Axencia Galega da Industria Forestal, adscrita á Consellería do Medio Rural
- As achegas son para nova construción, rehabilitación ou reforma de edificacións, naves e establecementos de negocio que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais e sempre que, cando menos, o 20 % do orzamento de execución corresponda a produtos ou derivados da madeira
- A iniciativa enmárcase na Axenda de impulso da industria forestal-madeira, deseñada pola Xunta cos axentes do sector a prol da bioeconomía como motor de competitividade, cara unha sociedade saudable, neutra en carbono, baseada no emprego verde e no consumo de produtos locais

A Xunta convocará este ano 2,6 millóns de euros para unha nova liña de axudas destinada ao impulso da madeira como elemento estrutural na construción. Así figura nun informe da Axencia Galega da Industria Forestal, adscrita á Consellería do Medio Rural, que foi avaliado hoxe polo Consello do Goberno galego. Trátase dunha convocatoria bianualizada, cun investimento para este exercicio 2022 de 300.000 euros, en que corresponden os restantes 2,3 millóns á anualidade de 2023.

A convocatoria destas achegas farase efectiva o vindeiro xoves, 13 de outubro, mediante a súa publicación do *Diario Oficial de Galicia*, e enmárcase dentro dos obxectivos da Axenda de impulso da industria forestal-madeira. Así, estas subvencións contribuirán a loitar contra o cambio climático, fomentar a prevención e xestión forestal sustentable e activa do territorio galego, afondar en políticas de eficiencia enerxética e achegar confort, saúde e benestar a aquelas persoas que vaian habitar edificacións construídas en madeira.

Esta convocatoria ten un carácter de concorrencia non competitiva, de xeito que se irán concedendo aquelas solicitudes presentadas de forma admisible ata o esgotamento do crédito. A porcentaxe de axudas será do 70 % dos investimentos realizados, e poderase chegar ata un 90 % do gasto subvencionable en dous casos. Incrementarase un 10 % no

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

caso de empregar algún produto de madeira ou derivado da madeira que proceda de montes galegos xestionados de forma sustentable (coas certificacións PEFC ou FSC). Para demostrar esta orixe e cualidade, debe aplicarse tecnoloxía *blockchain* para a súa rastrexabilidade mediante o uso da plataforma pública e gratuíta da Xunta de Galicia denominada Fortra. Tamén pode incrementarse un 10 % no caso de utilizar algún produto de madeira ou derivado da madeira que dispoña da marca de garantía Pino de Galicia. Ambos incrementos son acumulativos, deste xeito poderase acadar un 90 %.

Finalidade estrutural

Estás subvencións están dirixidas á nova construción, rehabilitación ou reforma de edificacións, naves e establecementos de negocio que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais e sempre que, cando menos, o 20 % do orzamento de execución material do proxecto corresponda a produtos de madeira ou derivados da madeira (incluída a súa colocación). Estes serán utilizados cunha finalidade estrutural ou como sistemas de compartimentación, envolvente ou acabados. Exclúese para este cómputo o uso da madeira nas carpinterías, pavimentos e acabados interiores.

Os beneficiarios poderán ser tanto pequenas e medianas empresas (pemes), incluídas as persoas autónomas, asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro, como persoas físicas. Serán subvencionables tanto a redacción de proxectos como a utilización de produtos de madeira en construción nova, rehabilitación ou reforma de edificacións, naves e establecementos de negocio que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais. O importe máximo de subvención total acumulada por beneficiario será de 70.000 euros para pemes e asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro e de 50.000 euros para persoas físicas.

Ademais, no caso de pemes, asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro, públicas ou privadas, a edificación proxectada deberá estar destinada a un uso industrial (incluídos os vinculados á transformación e comercialización de produtos agrarios ou forestais), comercial, recreativo, hoteleiro, oficinas, sanitario asistencial, educativo, cultural ou deportivo. No caso de que os solicitantes sexan persoas físicas, o uso será residencial unifamiliar.

As solicitudes deben presentarse de xeito telemático a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta (<https://sede.xunta.gal>). O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o día seguinte á publicación da convocatoria (que se fará efectiva o vindeiro xoves, 13 de outubro) ata o 15 de novembro de 2022 ou ata o esgotamento dos fondos asignados no caso de que se produza con anterioridade a esa data. O prazo máximo para presentar a xustificación

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

das actividades subvencionadas finalizará o 15 de decembro de 2022 para a primeira anualidade, e para a segunda o 30 de xuño de 2023. Poderán ser válidos aqueles pagamentos xa realizados con data posterior ao 1 de xaneiro do ano 2022.

A execución da obra non terá que estar rematada no momento de xustificación da solicitude de axuda, toda vez que o obxecto da dita axuda é a redacción do proxecto de execución de obra e/ou a compra e instalación do material madeira. Deste xeito, as bases da convocatoria regulan un período máximo de 30 meses desde a data de visado do proxecto de execución de obra para rematar a edificación, no caso de non cumprir o dito prazo procederase a tramitar o expediente de reintegro polo importe da axuda aboado.

Axenda de impulso da industria forestal-madeira

Esta nova liña de axudas enmárcase na Axenda de impulso da industria forestal-madeira, unha folla de ruta deseñada conxuntamente pola Xunta cos principais axentes para potenciar o sector e impulsar a bioeconomía como motor de competitividade, favorecendo unha sociedade saudable, neutra en carbono, baseada no emprego verde e no consumo de produtos locais.

Para acadar estes obxectivos, definíronse catro eixes fundamentais, relativos á mellora do capital humano a través da formación, ao impulso da innovación, á cooperación e valorización e á competitividade, desenvolvemento e diversificación do sector. A través destes eixes e dun orzamento de 55,5 millóns de euros, a Axenda prevé mobilizar preto de 140 millóns de euros no reforzo da competitividade e da modernización dun sector clave no ámbito rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA